



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
instituto de  
estudos das  
identidades

A Picota - Mazaricos, 1979-04  
 Informante: Rosa (43)  
 Compiladora: Dorothé Schubarth  
 Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

40 3 [3] 1 [1]

.:76 (♩: ♩)

*Arcos, Mazaricos. Maio 1979*

1) A · ló na te · rra de Lu · gho na mon · ta · ña de Bu · rón  
 pa · sou un ca · so cho · can · te que cau · sou ad · mi · ra · sión

2) a · lí vi · ví · ò · nha pa · tro · na cu · nha fi · uce iú · nha ne · ta  
as tres es · ta · ban sol · tei · ras nu · nha ca · sc · ña pe · que · na

3) to · das as tres te · rien mo · zo to · das se que · ren ca · sar  
 e ma · ior · men · ta pa · tro · na xa non se po · de · a · ghuau · tar (b)

Mazaricos IV,2,150. Rosa 43.  
 L: 11a, 128.

\*Transcripción orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Aló na terra de Lugho  
na montaña de Burón  
pasou un caso chocante  
que casou admiración.

Alí vivía unha patrona  
cunha filla e unha neta  
e as tres estaban solteiras  
nunha casiña pequena.

Todas as tres teñen mozo  
todas se queren casar  
e maiormente a patrona  
xa non se pode aghuantar.

Esa trataba cun vello  
medio xordo e xorobado  
pero era moi bonito  
porque tiña moitos cartos.

A filla era medio bruxa  
e tamén tiña rapaz  
un xastre de mala morte  
qu'andaba polo lughar.

A neta era moi noviña  
tiña quince primaveras  
solo que tiña un defeto  
era tortiña das pernas.

Esa tamén busca un mozo  
un ghallardo paraghüeiro  
que cando viña ó lughar  
poñíalle alghún remendo.

Un día entre todos xuntos  
entre todos se acordaron  
casarse todos nun día  
para evitar moitos ghastos.

A vella toda apurada  
foi xunto ó cura correndo  
antes que nincún dos novios  
cambiara de pensamento.



“Boas tardes señor cura  
véñolles a preghuntar:  
¿por facer tres casamentos  
canto nos vai a cobrar?”

“Un cóstalle trinta pesos  
e os tres valen noventa  
pero si son os tres xuntos  
rebaixareinlle da cuenta.”

“Claro que son os tres xuntos  
e os tres no mesmo día  
caso eu e casase a neta  
e tamén se casa a filla.”

“Nunca i-outra tal se viu  
desde que eu son sacerdote  
tres casorios nunha casa  
debe ser señal de morte.”

“Pois véñanse cando queiran  
que os caso de contado  
e como son os tres xuntos  
heille-los de facer baratos.”

“De padriños e madriñas  
servimos uns prara os outros  
e misa chéga-nos unha  
nós queremos rezar pouco.”

Un día de moito inverno  
fóreronse para casar  
deixaron a casa sola  
ós rapaces do lughar.

Entráronlle na cociña  
leváronlle a carne toda  
e o viño e as empanadas  
todo que tiñan pra boda.

Tocando cornos e latas  
cencerros e potes vellos  
fóreronse pra unha xesteira  
moi alegres e contentos.

Alí fixeron a festa  
e a conta dos casamentos,  
o viño andaba por cuncas,  
a carne por torombelos.



Volvamos ás tres parejas  
cando viñan de casar  
pensando na gran enchenta  
que se íban a tomar.

Cando chegharon á casa  
toparon todo barrido  
ni o bolete nin a ovella  
nin o pelexo do viño.

“Quen sería o ghalopín  
tan ladrón e desalmado.”  
Dixerón os matrimonios  
todos a un tempo chorando.

Pero a conta foi despois  
ó chegá-los invitados  
topan as portas pechadas,  
os matrimonios chorando.

Que vos pasa meus amighos  
díxolle un dos invitados  
“¿Que vos vexo todos tristes  
como perdidos chorando.”

“Que é o que nos vai pasar”  
dixo a tía Micaela  
“mentres nos fomos casar  
levaronno-la ovella.”

“O viño e o pan de trigo  
e empanadas e paella  
e non levaron á casa  
que non pudeiron con ela.”

Ó ver eso os invitados  
todos de mala maneira  
déronse a volta prá casa  
ca barrighiña valdeira.

Os matrimonios á noite  
fóreronse cedo pra cama  
pero como tiñan fame  
non puideron facer nada.